

OBRADOIRO "ACHEGÁNDONOS O CONFLITO" [En colaboración coa Rede Eusumo e o Concello de Sada]

DATAS REALIZACIÓN	Do 5 ao 8 de abril de 2022	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	De 9:30 a 14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Salón de Plenos do Concello de Sada, Avenida do Porto, 24, Sada (A Coruña)		
PERSONA DE CONTACTO	Luisa Celis Sanmiguel (AEDL Concello de Sada)	teléfono	620765150
	www.aedlsada.gal	e-mail	aedl@sada.gal

PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

OBXECTIVOS

- Comprender que o conflito é algo natural que está presente na nosa vida.
- Coñecer as diferentes fontes das que xurde o conflito.
- Coñecer e experimentar os diferentes estilos de afrontamento do conflito.
- Achegarnos a xeitos construtivos de xestionar as situacións de conflito.

PROGRAMA E CONTIDOS

Programa

Módulo 1.- O conflito está no aire

Módulo 2.- As fontes do conflito

Módulo 3.- Estilos de resolución de conflitos

Módulo 4.- Pautas para a xestión das situacións conflitivas

Contidos

Módulo 1.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. Que é o conflito? Emocións e conflito. Aspectos positivos do conflito. Consecuencias do non afrontamento do conflito.

Módulo 2.- De onde xurde o conflito? Como afrontar a situación de conflito dependendo da orixe deste? Habilidades de comunicación.

Módulo 3.- Estilos de resolución de conflito. Estratexias gañar-perder. Estratexias gañar-gañar. A busca creativa de solucións aos conflitos.

Módulo 4.- A actitude cara a resolución do conflito. As competencias que debemos desenvolver. As preguntas as que debemos dar resposta para avanzar na solución do conflito.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

O obradoiro diríxese as persoas socias de cooperativas, sociedades laborais e tamén a persoas desempregadas, emprendedoras, e público en xeral, interesadas en coñecer e experimentar nos procesos de conflito que xurden especialmente nos contextos de traballo en equipo ou cooperativo. Darase prioridade no acceso ao curso ás mulleres e as persoas pertencentes aos colectivos prioritarios.